



PORTELA DO HOMEN-OS CARRÍS

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 22 km (ida e volta)

Dificultade: media-alta

Duración: 8 horas



Poza e ferverza no río Homen ao pé da ponte de San Miguel

Unha ruta que discorre por terreos do parque Nacional Peneda-Gerês de Portugal remontando o curso do río Homen (afluente do Cávado) ata os cumes da serra. De gran interese xeolóxico, paisaxístico e biolóxico. Poderemos gozar de espectaculares vistas do val glaciar do río Homen e dos cumes da serra do Xurés-Gerês, apreciar as distintas formas de erosión glaciar e fluvial, unha gran variedade de formacións rochosas e especies animais e vexetais propias da zona.

Completamos a visita con aspectos etnográficos (chivanas de pastores) e históricos (mina de volframio dos Carrís).

A ruta comeza na fronteira de Portela do Homen, onde hai que deixar o vehículo. Andando 1 km chégase á ponte de San Miguel e alí comézase a remontar o curso do río polo antigo camiño que vai ata as minas.

A dificultade do percorrido non está nin na distancia nin no trazado do camiño, senón en ter que camiñar durante unha gran parte do percorrido por un leito de pedras soltas que poñen a proba a fortaleza das articulacións das pernas, especialmente na baixada.

A xente con gañas de aventura pode tentar cruzar a serra por Portela da Amoeira, buscar o enlace coa ruta da **mina das Sombras** e baixar por Vilameá ou por un camiño que volve a preto do posto fronteirizo.



Vista do val do río Homen. Ao fondo a serra de Santa Eufemia.




Unha das numerosas pozas que se atopan no curso do río.



Panorámica na que se aprecia a típica forma en U do val glaciar do río Homen.



Chivana, refugio dos pastores da serra.



Fabriciana adippe, unha bolboreta rara en Galicia que só se atopa no sur de Ourense e no Gerês



Vaca típica da serra do Gerês



Cardo do Xurés (*Eryngium duriaei* sbp. *juresianum*), endemismo das serras do Xurés-Gerês, considerada en perigo.



Lagoa dos Carrís, formada artificialmente nas nacentes do río do Penedo para proporcionar auga ás minas.



Gando ao pé dos edificios da mina dos Carríns. Nestas minas extraíase volframio, estaño e molibdeno. Comezaron a funcionar en tempos da II Guerra Mundial e pecharon en 1958.